

CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA

Resolución do 9 de marzo de 2005 pola que se convoca un seminario de normativa sobre armas e explosivos.

Dentro das actividades programadas para o ano 2005, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a realización dun seminario sobre normativa sobre armas e explosivos, segundo o previsto no artigo 23 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

-Coñecer a normativa relacionada coa temática de armas, explosivos e artificios pirotécnicos.

-Actualizarse na temática que afecta as forzas e corpos de seguridade e en especial á policía local.

Destinatarios.

O seminario vai dirixido aos membros das forzas e corpos de seguridade de Galicia.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente gratuíta.

Prazas.

80.

Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar neste seminario deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 4 de abril de 2005, ás 14.00 horas.

3. As instancias deberán enviarse ao Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia; avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada; ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos

no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Datas.

O seminario desenvolverase durante o día 6 de abril de 2005.

O horario será de 9.30 a 14.00 e de 15.30 a 19.00 h.

Contido.

I. O Regulamento de armas.

II. O Regulamento de explosivos.

III. Consideracións de interese policial e análise de casuística operativa.

Relación de admitidos.

A relación de admitidos publicarase o día 5 de abril a partir das 14.00 horas, no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, ou ben poden confirmar a súa asistencia chamando ao teléfono 986 59 00 21.

Lugar.

Sede do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na avda. da Cultura, s/n, no concello da Estrada.

Certificado de asistencia.

Ao remate do seminario entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada a el.

Modificacións.

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento do seminario para adaptalo ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 9 de marzo de 2005.

José Antonio Vázquez Taín
Director do Centro de Estudos Xudiciais
e Seguridade Pública de Galicia

ANEXO	ENTIDADE DE PERTENZA
SEMINARIO: NORMATIVA SOBRE ARMAS E EXPLOSIVOS LOCALIDADE: CEXESGA	
1. SOLICITANTE	
Apelidos:.....	Nome:..... DNI:.....
Data de nacemento:.....	Teléfono/s de contacto:.....
Enderezo particular:.....
Rúa:.....	Concello:..... Provincia:.....
2. DATOS PROFESIONAIS	
Corpo de procedencia:.....	Clase de persoal.....
Categoría.....
Grupo de pertenza dentro do corpo.....
Ano de entrada no corpo.....
Enderezo do posto de traballo.....
3.- INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU DO CONCELEIRO DELEGADO	
Vista a solicitude presentada polo interesado, declaro que o funcionario atópase en activo, e ten a miña autorización para asistir ao curso	
Lugar e data..... Sinatura e selo do órgano informante
.....	Asdo:.....
4 DECLARACIÓN	
Declaro, pola miña honra: Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude de de 200.....	
Sinatura do/da solicitante:.....	
5 SELECCIÓN	
Vista a solicitude presentada polo/la interesado/a, o órgano conxunto de selección, resolveu <input type="checkbox"/> seleccionar o/a <input type="checkbox"/> non seleccionar o/a Sinatura e selo do órgano seleccionador:	
Lugar e data:.....	Asdo:.....

Director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 17 de marzo de 2005 pola que se resolve convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, por Orde do 7 de febreiro de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 34, do 18 de febreiro), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data

de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa o funcionario, así como daquel en que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Inspección Xeral de Servizos.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, postestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesa data, perante o xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición na cal teña